<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto <ul style="list-style-type: none"> - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo) na comunicación oral. - Procesos: interacción oral <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral. <ul style="list-style-type: none"> - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. - Construción, e comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos <ul style="list-style-type: none"> - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve. - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos. - Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.

Contidos

- Procesos: comprensión lectora
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e as virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que faciliten a organización e claridade do texto.
- Uso dunha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.
- Síntese e reelaboración de coñecementos con apoio de modelos.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Interpretación, progresivamente autónoma e compartida dos textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos

Contidos

- verbais.
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico levaranse a cabo:

-Proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

-Faranse resumos, descricións, escribiranse contos, poesías, faremos a nivel de aula pequenas escenificacións de mímica, debates...

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, participativa, lúdica, práctica e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas e na procura de información de diferentes fontes seguras e fiables.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe, e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos.

Traballarase de xeito individual e tamén en pequeno e gran grupo dependendo das necesidades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, profesorado tutor, mestres especialistas e equipo de orientación. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar e nas familias.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial e a realización de proxectos. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), material de laboratorio, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta e fichas interactivas.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ultraportátiles de alumando, portátil docente, PDI, proxector...

RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) cos recursos dipoñibles e elaborados, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais e liveworksheets.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o salón de actos, o patio de recreo e a aula de informática

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso. Esta avaliación realizarase mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades de comprensión e expresión oral e escrita (realización dunha lectura comprensiva con preguntas sobre a mesma, realización dun texto ditado manuscrito para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortografía e redacción dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade de redacción, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos).

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	9	8	9	9	8	8	8	9	8
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación:

- 60% probas escritas.
- 40% táboas de indicadores.

A avaliación será continua, presente en todos os aspectos e momentos do proceso de ensino-aprendizaxe.

As probas escritas poderán realizarse cada dúas unidades. Só se realizarán por unidade individual cando se considere que a extensión ou dificultade dos contidos traballados así o requiren.

Teranse en conta as tarefas encomendadas: traballo diario no caderno, traballo online no EVA, fichas interactivas...ou outras que se consideren.

Trimestralmente haberá unha sesión de avaliación con todo o profesorado que imparte clase ao grupo, un membro do equipo directivo e do departamento de Orientación se é o caso. Nela valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumno e alumna, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e, se fose necesario, as medidas adoptadas ou que se deben adoptar.

A nota trimestral, no tocante no que ás UD se refire é a seguinte:

1º TRIMESTRE

UD 1-UD 2: 50%

UD 3-UD 4: 50%

2º TRIMESTRE

UD 5-UD 6: 50%

UD 7-UD 8: 50%

3º TRIMESTRE

UD 9-UD 10: 50%

UD 11-UD 12: 50%

Un 60% dos CA da presente PD serán avaliados por probas escritas. O 40% restante, por diferentes táboas de indicadores, fundamentalmente escalas de valoración/rúbricas para corrección de traballos, por un lado, e rexistro das puramente de observación, polo outro. Este 40% queda distribuído do seguinte xeito:

- O traballo no caderno e actividades na plataforma EVA e outras fichas interactivas (liveworksheets), 20%: con respecto ao caderno, valorarase a súa presentación e organización tal e como se indicou ao principio do curso (marxes, data, numeración de exercicios, limpeza); a realización das actividades e tarefas con grafía clara e lexible; a realización dos exercicios propostos e a súa correcta corrección, se é o caso (sempre, case sempre, ás veces). Na plataforma EVA e liveworksheets valorarase a realización das actividades propostas no período indicado e a súa repetición o número de veces permitido, 3, cando os resultados non sexan os correctos.

- O traballo diario de casa (remate de tarefas, estudo e/ou traballo específico) 10%: valorarase a realización no período indicado, a súa presentación e organización e o estudo.

- A actitude e os hábitos de convivencia 10%: valorarase a consideración polos/as compañeiros/as e polo profesorado(escoita activa, respecto de quendas, escoitar outras intervencións, a utilización dunha linguaxe respectuosa e inclusiva nas conversas cos demais, a participación activa na clase, preguntando todas as dúbidas e achegando ideas e opinións xustificadas, con criterio e respecto, o aproveitamento do tempo na aula.

A nota da Avaliación Final de Lingua Castelá será igual ou superior á da 3a avaliación.

Cando a cualificación obtida, tanto na trimestral como na final, sexa un resultado con decimais, por defecto, aplicarase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

- Se o decimal está entre 50 e 99, o número da nota enteira redondearase á o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente da materia e/ou do conxunto de docentes convocados ás sesión de avaliación se argumentase a conveniencia, tendo en conta a progresión do alumno/a, de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Os programas de reforzo (para aquel alumnado que non consiga acadar os obxectivos ou mesmo para o que presente dificultades na comprensión dos mesmos) faranse segundo sexan as necesidades, a través de novas explicacións, actividades de reforzo escrito, actividades online.... Na medida do posible intentarase adaptar as actividades ás características do alumnado. Por exemplo, se o alumno ou alumna non é quen de superar un exercicio escrito ou unha proba escrita, substituirase por unha de tipo oral.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade e no contexto dun proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. Tendo en consideración a diversidade do alumnado, atenderase ás medidas de apoio e reforzo necesarias, levándose a cabo con adaptación de actividades, de contidos e obxectivos.

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade ou altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso adecuado, de conformidade co disposto na lexislación vixente. Estas levaranse a cabo dende o departamento de orientación e coa colaboración da titora do alumno/a.

A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.

A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería competente en materia de educación, adoptándose as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Unha vez realizadas as avaliacións iniciais e despois de coñecer ao alumnado, levaranse a cabo aquelas medidas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e as circunstancias familiares como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.		X		X		X		X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X
ET.3 - - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.4 - - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X
ET.5 - - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e	X	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.		X		X

Observacións:

A área de Lingua Castelá e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	Participarase en todas aquelas actividades que se organicen ao longo do curso.	X	X	X

Observacións:

En canto ás actividades complementarias e extraescolares, traballaranse todas aquelas conmemoracións oficiais establecidas na Orde do 3 de maio do 2023 (calendario escolar para o curso 2023/24). Ademais, participaremos naquelas actividades complementarias que se recollan na PXA do centro como poden ser o Magosto, o Nadal, o Entroido, etc. Todas estas actividades traballaranse tendo en conta o tema central do colexio.

No que se refire ás saídas, tal e como se acordou a nivel centro, faranse aquelas que considere o profesorado, dentro ou fóra da localidade. Están pendentes de concretar os lugares e as datas pero intentarase organizar unha saída por trimestre.

O Equipo Directivo e a coordinadora de Actividades extraescolares e complementarias terán sempre coñecemento das saídas que se realicen.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Hai coherencia entre o que se programou e o desenvolvemento das clases.
Grao de seguimento dos alumnos
Os criterios para a avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e contidos.
Metodoloxía empregada
O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.
A metodoloxía utilizada fomentou a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
Medidas de atención á diversidade
Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Aumento da resolución pacífica de conflitos segundo avanza o curso.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación danse a coñecer ao alumnado e familias.
Outros
Porcentaxe de alumnado que supera cada un dos diferentes instrumentos de avaliación empregados. Polo menos o 65% do alumnado supera cada un dos tipos de instrumentos de avaliación empregados.

Descrición:

OBSERVACIÓN: Estes indicadores valoraranse do 1 ao 5, dándose como positivos cando a súa puntuación sexa superior a 3 puntos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Valorarase, trimestralmente, a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a

temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15000612	CEIP de Arzúa	Arzúa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	5º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	41
4.2. Materiais e recursos didácticos	41
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	42
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	42
6. Medidas de atención á diversidade	44
7.1. Concreción dos elementos transversais	44
7.2. Actividades complementarias	46
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	47
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	47
9. Outros apartados	48

1. Introducción

Esta programación está deseñada para levar a cabo durante o curso 2023/24, con 22 alumnos e alumnas de 5º nivel de Educación Primaria. O grupo está formado por alumnado con distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Este é o motivo polo que deseñamos unha programación aberta e flexible para que se adapte a cada un deles e delas.

O CEIP de Arzúa está situado na vila de Arzúa. O colexio conta con 15 aulas neste curso escolar, 6 son de Infantil e 9 de Educación Primaria.

Este centro educativo ten varias aulas para necesidades específicas: unha aula de informática con ordenadores conectados a Internet, aula de música, aula de Inglés, un ximnasio, unha biblioteca e unha sala de mestres.

O centro participa no proxecto educativo E-Dixgal e isto permite que todo o alumnado de 5º EP dispoña dun ordenador para desenvolver o seu traballo tanto na escola como na súa casa.

En canto ao profesorado, ademais dos/as titores/as, contamos con especialistas de Inglés, Música, Relixión e Educación Física. Do mesmo xeito, para a atención ao Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo temos persoal especializado: unha orientadora, unha especialista en Audición e Linguaxe, unha especialista en Pedagogía terapéutica, unha especialista en P.T./A.L. así como unha coidadora.

A principal actividade económica das familias é a agricultura e a gandería, atopándose nun nivel sociocultural medio.

A lingua vehicular do centro será o galego, xa que esta é a lingua materna da maioría dos nenos e nenas e das súas familias. O ensino impartirase nas linguas que lle correspondan segundo a porcentaxe estipulada no currículo co fin de que os/as alumnos/as acaden do mesmo xeito unha competencia en comunicación lingüística nas dúas linguas oficiais.

Na materia de Lingua e literatura galega traballaranse os seis bloques de contidos que forman a materia: o bloque número 1, "A lingua e os seus falantes"; o bloque número 2, "Comunicación oral"; o bloque número 3, "Comunicación escrita"; o bloque número 4, "Alfabetización mediática e informal", o bloque 5 "Educación literaria" e o bloque 6 "Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos e multimodais".

Todo isto levarase a cabo nas 12 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando catro unidades por trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	CANTO ME ALEGRO DE VERTE!	<p>Promover o uso do dicionario e dar as claves para distinguir as distintas acepcións de cada palabra.</p> <p>Analizar as diferenzas que existen entre textos literarios e non literarios.</p> <p>Profundar na ortografía analizando as partes da palabra e a formación dos tipos de palabras da lingua galega.</p> <p>Sinalar a importancia de saber presentarse, así como presentar os demais.</p> <p>Saber interpretar e elaborar unha ficha para condensar a información que nos interesa resaltar.</p>	9	12	X		
2	E TI COMO ES?	<p>Promover o enriquecemento do léxico por parte do alumno coa incorporación de vocabulario novo e de riqueza expresiva a través de sinónimos e antónimos.</p> <p>Ser conscientes da importancia da literatura medieval non só dentro da península Ibérica, senón tamén en Europa.</p> <p>Profundar na formación de enunciados, para aproximarnos aos primeiros conceptos da nosa sintaxe.</p> <p>Coñecer as regras básicas de acentuación para clasificar as palabras.</p> <p>Ser capaces de transmitir os nosos sentimentos como exercicio fundamental para sentirnos ben con nós mesmos.</p> <p>Describir fisicamente un compañeiro organizando o que queremos dicir.</p>	9	12	X		
3	SOÑEMOS!	<p>Promover o enriquecemento do léxico coa incorporación de vocabulario novo, profundando no significado das palabras e na súa interpretación segundo o contexto.</p> <p>Facerlles unha aproximación da lírica aos</p>	9	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	SOÑEMOS!	<p>rapaces, achegando nocións básicas como a clase de rima, vencendo, ao mesmo tempo, os prexuízos que poidan ter sobre este xénero. Axudalos a que se solten no xénero e se atrevan a recitar en público.</p> <p>Incorporar nocións básicas da historia e as características do período dos Séculos Escuros.</p> <p>Sumar conceptos, como o que ten que ver coas palabras homógrafas e homófonas.</p> <p>Amosarlles as primeiras estruturas sintácticas fundamentais: suxeito e predicado.</p> <p>Indicarlles os pasos para describir obxectos e así poidan describir o seu mundo.</p>	9	12	X		
4	NON ME VEÑAS CON ESE CONTO!	<p>Ser conscientes da diferenza entre palabras monosémicas e polisémicas.</p> <p>Profundar no coñecemento da literatura e dos Precursores, á vez que recoñecen o conto como xénero narrativo.</p> <p>Coñecer as regras básicas de acentuación para clasificar as palabras.</p> <p>Analizar a estrutura da lingua, o nome ou substantivo e os tipos de substantivos que existen.</p> <p>Conseguir que os alumnos sexan quen de contar contos.</p> <p>Facer que sexan capaces de redactar un correo electrónico.</p>	9	12	X		
5	POLA MAÑÁ CEDO!	<p>Aprender que existen palabras simples e derivadas.</p> <p>Profundar no coñecemento da literatura e do Rexurdimento da lingua.</p> <p>Coñecer a estrutura do conto.</p> <p>Saber que é o xénero e o número dos substantivos.</p> <p>Que sexan capaces de pedir e de dar a información precisa.</p> <p>Elaborar unha noticia.</p>	8	12		X	
6	UMMMM QUE RICO!	<p>Profundar na formación de palabras novas: sufixos e prefixos.</p> <p>Coñecer o xénero do teatro, os personaxes e anotacións.</p> <p>Analizar o período das Irmandades da Fala. O artigo determinado e indeterminado.</p> <p>Ser capaces de contraer o artigo determinado e indeterminado coas preposicións de, con, por, a</p> <p>Dar instrucións.</p> <p>Saber escribir unha receita de cociña.</p>	8	12		X	
7	ABRE O PANO!	<p>Ser conscientes da diferenza entre palabras monosémicas e polisémicas.</p> <p>Profundar no coñecemento da literatura da Xeración Nós e da Xeración de 1925. O</p>	8	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	ABRE O PANO!	teatro II, os actos e as escenas. Coñecer as palabras compostas e a súa formación. Coñecer os determinantes posesivos e demostrativos e o seu uso. Que saiban o uso do v e do b. Que saiban expresar ideas propias e alleas. O debate. Ser quen de facer unha entrada de blog.	8	12		X	
8	QUERIDO DIARIO!	Saber a diferenza entre campo semántico e familia léxica. Coñecer o xénero do ensaio e en que consiste. Coñecer a literatura no exilio e a da posguerra. Saber como son o determinante numeral e o determinante indefinido. Ser capaces de escribir sen erros ortográficos: o h. Saber expresar desexos. Escribir unha carta ao director.	8	12		X	
9	GRANDE COMA UN MUNDO!	Profundar na formación de palabras novas: sufixos e prefixos. Coñecer como se forman os nomes. Saber as causas polas que os nosos escritores se exiliaron. Saber cales son os distintos graos do adxectivo. Profundar na ortografía e saber que palabras se escriben con x e cales con s. Contar experiencias. Saber o que é unha folia de reclamacións.	8	12			X
10	COMO É A TÚA CASA?	Profundar na formación de palabras novas: sufixos e prefixos. Coñecer como se forman os adxectivos. Saber que é a Nova Narrativa Galega. Coñecer que é a personificación como figura estilística. Profundar na ortografía e saber que palabras se escriben con c e cales se escriben con cc. Coñecer o pronome persoal tónico e átono e a súa colocación. Explicar itinerarios. Saber describir lugares.	8	11			X
11	A CONXUGAR!	Profundar na formación de palabras novas: sufixos e prefixos. Coñecer como se forman os verbos. Coñecer a literatura do século XX ata hoxe. Saber como se comportan os verbos: modo e tempo. Profundar na ortografía e saber que palabras se escriben con i ou ll. Expresar acordo ou desacordo dando a nosa opinión.	8	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	A CONXUGAR!	Escribir mensaxes nun cartel informativo.	8	11			X
12	O PAÍS DOS MOUROS	Coñecer cales son os adverbios e as preposicións. Coñecer que é a LIX, a banda deseñada e as lendas. Saber que son os xentilicios. Profundar na ortografía e saber que palabras terminan en -cia, -cio, -za e -zo. Saber falar con cortesía. Escribir unha instancia.	8	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	CANTO ME ALEGRO DE VERTE!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Ler textos indtificando a información relevante e comprendendo a mesma.	PE	60
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escrebe un texto breve instructivo de forma comprensiva.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Escrebe un texto breve con acentuación correcta.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Presentarse e presentar aos demais en galego.	TI	40
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece na conversa, o galego, o castelán e o inglés.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Empregar unha linguaxe respectuosa con todos os compañeiros e compañeiras		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Resumir unha comunicación oral breve.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Resume correctamente e oralmente un texto.		
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega.	Le libros da biblioteca de aula e do centro e fai reseñas.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Sílabas tónicas e átonas.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Empregar a biblioteca de aula sempre que sexa preciso.		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Identifica textos literarios narrativos fronte a textos instructivos ou informativos.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Realiza tarefas encomendadas (libreta, fichas interactivas...)		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Mellora a comprensión de textos a partir do uso do dicionario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto

Contidos

- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega.
- Procesos: interacción oral.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, a información relevante e a integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega.
- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.
- Procesos: produción escrita

Contidos

- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma acompañada e con apoio de modelos.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
2	E TI COMO ES?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Diferenciar textos escritos pola súa intención: literarios ou informativos.	PE	60
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redactar textos breves de 100/150 palabras con redacción correcta e vocabulario non repetitivo.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta e escribe frases e oracións empregando sinónimos e antónimos e identificando as regras de acentuación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Participar nos debates con corrección e respecto polas opinións das demais persoas.	TI	40
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expresar as súas ideas con claridade e vocabulario axeitado en situacións propostas na clase		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas.	Expresar con claridade e vocabulario axeitado vivencias recentes.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identificar linguaxe discriminatoria nun texto escrito.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Amosar lectura fluída en textos literarios		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identificar no mundo da publicidade gráfica situacións de discriminación.		
Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Será unha organización o máis flexible posible, dentro das condicións nas circunstancias especiais que puidesen xurdir ao longo do curso, e adaptándose á idade, actividade, motivación...

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Relixión, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico e convencional da aula
Material impreso
Material informático e medios audiovisuais. TIC e TAC
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Materiais diversos
Recursos persoais ou humanos
Material funxible variado
Diferentes recursos dixitais na Aula virtual do centro: videos, cancións, enlaces a diferentes recursos educativos virtuais , actividades interactivas, presentacións tipo PowerPoints
Recursos dixitais da editorial Anaya.
Libro dixital E-dixgal.

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE, "Ensino básico" sinalase "Cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe".

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

*Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzzles, Biblioteca de aula...

*Material impreso, coma os libros: a Biblia (Infantil e Didáctica), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas (a vida de Xesús), parábolas en láminas de cores, libros de arte, libros sobre valores...

*Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) e TIC: ordenador con conexión a internet, canón de video, tableta, app "Biblia infantil", CDs, páxinas web, Biblia on line, xogos informáticos, a miña aula virtual , o robot escornabot e películas animadas do Antigo e do Novo Testamento, contidos dixitais E-dixgal...

*Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recolleemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de Relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar os seus propios xogos ou adornos.

*Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, láminas, fotografías,...

*Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

*Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con xogos de mesa e con actividades on line na PDI.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención máis específicas, e de recuperación, que considere máis oportunas para cada alumno/a.

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante o diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	14	18	14	14	14	12	100
Proba escrita	0	14	0	0	0	0	0	2
Táboa de indicadores	100	86	100	100	100	100	100	98

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan os obxectivos e as competencias previstos e ademais para comprobar se se avanza no tema ou se hai que retomar aspectos que non quedan claros.

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que establecerei con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiránme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

a) Parte actitudinal..... 40%

Aproveitamento do tempo.

Esfuerzo e participación con interese en cada sesión.

Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as.

Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde ás preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística).

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais..... 30%

O traballo está completo e correxido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades máis prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital)..... 20%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...

d) Comportamento en xeral na aula..... 10%

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de avaliación continua, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a se avalía constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos máis manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, na miña aula virtual ... con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, solicitaré axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno/a en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, máis manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos/as con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitaranse actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual. TIC e TAC.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental.	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento da creatividade.	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión da lectura.	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas.	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do espírito científico.	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para o emprego responsable do tempo libre e o lecer.		X	X	X	X		X

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de E-A:

- * Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- * Igualdade entre mulleres e homes.
- * Comunicación audiovisual e TIC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Competencia dixital
- * O fomento da creatividade no alumnado.
- * Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental.
- * Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio.
- * Comprensión da lectura. Comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita mais éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- * Expresión oral e escrita, positivas.
- * Fomentarase o espírito científico, e o emprendemento.
- * Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.
- * Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- * Educación emocional e en valores.
- * Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade.

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto, o compañeirismo, a amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade, compartir, axudar,....

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións e festas.	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso: Nadal, Día da Paz...	X	X	X
Campañas solidarias.	Participarase en campañas cun fin solidario: recollida de roupa, xoguetes, alimentos, libros... (Cruz Vermella e outras))	X		
Proxectos medioambientais.	Poderase participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza: horta escolar, invernadoiro, outros.....		X	X
Contacontos.	Participarase en actividades de promoción da lectura e dos valores a través dos contos.	X	X	X

Observacións:

A LOMLOE no artigo 5 bis, di:

A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade.

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Emprego de ferramentas TIC.
Consigo que o alumnado traballe en equipo.
Medidas de atención á diversidade
Utilizo medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Tento facer clases amenas e motivadoras.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Traballo en equipo con outros mestres/as.
Implico ás familias.
Outros
Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos.
Avalío constantemente miña propia práctica docente.

Descrición:

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR

- Economía de fichas que traballen sobre os estándares definidos da unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro marcan o grao de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica.

A normativa recolle que o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes; polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e a miña propia actuación como mestra de Relixión.

* Avaliación da programación:

-Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?

-Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

-Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC e TAC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e o momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante o proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír o proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as que usaremos son os seguintes:

*Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro

dos alumnos/as en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

*Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo.

*Traballo na aula: - análise da produción dos alumnos/as (plásticas, escritas, orais) en, fichas de actividades e xogos de cada U.D.

- fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre,

- pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo,

- traballo cooperativo,

- manualidades, pasatempos,

- xogos de mesa, de creatividade,

- actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, coa PDI, co escornabot, na aula virtual...

Como xa comentei, para avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser a observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, anecdotarios, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizaréinas no programa XADE cada trimestre.

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

Con casos de alumnado con necesidades existe a posibilidade de facer axustes de rateos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE establécese que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 3º ciclo de E.P.

*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a saiba se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, levarase a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, a avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos:

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs):

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.
- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs).

* Regulación da práctica docente:

- Grao de seguimento dos alumnos/as medio- alto .
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias:

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Consecución dos alumnos/as dos estándares de aprendizaxe programados.
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer: aos alumnos e as familias.

* Utilización de medidas para a atención á diversidade:

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15000612	CEIP de Arzúa	Arzúa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	5º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	6
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	7
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	8
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	9

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial de 5º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta programación vaise levar a cabo no CEIP de Arzúa, con 6 nenos/as. Desenvólvese desde unha perspectiva aberta e flexible.

No presente curso académico a aula de 5º continúa participando no proxecto E-dixgal.

Nesta etapa, temos que ter en conta que existe unha importante evolución no alumnado, que pasa por diferentes etapas evolutivas. Intentarase alcanzar un nivel fluído nas súas competencias.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e reforzo positivo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Loitando contra a violencia e a discriminación.	Unidade na que recabaremos información sobre os diferentes tipos de violencia e sobre a discriminación.	34	12	X		
2	A tolerancia e empatía.	Unidade na que coñeceremos a situación e necesidades dos nenos e nenas de	33	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A tolerancia e empatía.	diferentes países e a tolerancia.	33	11		X	
3	Conflitos fóra.	Unidade na que se investigará sobre a resolución pacífica dos conflitos.	33	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Loitando contra a violencia e a discriminación.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do traballo en equipo e cumprimentar o traballo requerido.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto e cumprimentar o traballo requerido.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Recoñecer con que atrancos nos encontramos á hora de traballar en equipo e propor solucións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	A tolerancia e empatía.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificada e cumprimentar o traballo requerido.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Temporalizar as distintas fases do proxecto e cumprimentar o traballo requerido.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Temporalizar as distintas fases do proxecto e resolver incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Conflitos fóra.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto e cumprimentar o traballo requerido.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso traballarase con tres proxectos que dan nome ás tres unidades, unha por trimestre. As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo e algunhas fichas de carácter individual, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN,

Loitando contra a violencia e a discriminación. Unidade na que recabaremos información sobre os diferentes tipos de violencia e sobre a discriminación. Ademais traballaremos con diferentes curtametraxes e visionaremos a película Figuras Ocultas.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN,

A tolerancia e empatía. Unidade na que coñeceremos a situación e necesidades dos nenos e nenas de diferentes países e a tolerancia. Tamén traballaremos con diferentes curtametraxes e visionaremos a película Wonder.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN,

Conflitos fóra: Unidade na que investigaremos sobre a resolución pacífica dos conflitos. Presentación multimedia do proxecto elaborado en equipo. Traballo con diferentes curtametraxes.

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (países do mundo, momentos históricos,...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Portátil Edixgal
Curtametraxes
Películas
Material funxible: folios, folios de cores, témperas, acuarelas, cartolinas...
Fichas proporcionadas polo profesorado

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases será a aula de informática, a biblioteca do centro ou a aula de 5º, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, faremos unha especie de avaliación inicial mediante un debate.

O alumnado terá que respectar as quendas de palabra, respectar as ideas/argumentos/opiniós dos compañeiros, ...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: entrega das fichas das curtametraxes e presentación do mural colectivo contra a violencia.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: entrega das fichas das curtametraxes e presentación do traballo sobre as necesidades dos nenos/as nos diferentes países.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: entrega das fichas das curtametraxes. Presentación e exposición dunha investigación en grupo sobre a resolución pacífica dos conflitos.

A nota trimestral, no tocante ás unidades didácticas se refire é a seguinte:

1º TRIMESTRE

UD 1: 100%

2º TRIMESTRE

UD 2: 100%

3º TRIMESTRE

UD 3: 100%

Os CA da presente PD serán avaliados por diferentes táboas de indicadores, fundamentalmente escalas de valoración para a corrección de traballos (aspectos do traballo colaborativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza...), por un lado, e rexistro das puramente de observación, polo outro.

A nota da Avaliación Final de Proxecto Competencial será igual ou superior á da 3ª avaliación.

Cando a cualificación obtida, tanto na trimestral como na final, sexa un resultado con decimais, por defecto, aplicárase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- Se o decimal está entre 50 e 99, o número da nota enteira redondearase á o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente da materia e/ou do conxunto de docentes convocados ás sesión de avaliación se argumentase a conveniencia, tendo en conta a progresión do alumno/a, de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno/a non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultado o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, de investigación, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na búsqueda de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura.	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita.	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas de violencia contra a muller e de calquera outro tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Presentación do traballo ao resto dos compañeiros/as	Difusión informativa do proxecto.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación da temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Utilización das distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización de diferentes recursos para obter os resultados desexados.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender a todo o alumnado no deseño das actividades.
Clima de traballo na aula
O alumnado participa motivado e con entusiasmo nas diferentes tarefas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Participación activa de todo o alumnado e apoio das familias no desenvolvemento dos proxectos
Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación danse a coñecer ao alumnado e familias.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15000612	CEIP de Arzúa	Arzúa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	5º Pri.	2	70

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	63
4.2. Materiais e recursos didácticos	64
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	65
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	67
6. Medidas de atención á diversidade	68
7.1. Concreción dos elementos transversais	70
7.2. Actividades complementarias	72
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	72
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	73
9. Outros apartados	74

1. Introducción

1. INTRODUCCIÓN

Esta programación didáctica vaise desenvolver na área de Educación Física no 5º curso de Educación Primaria. Está realizada tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuíndo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

Características Psicoevolutivas do alumnado de 5º de E. Primaria:

- Ámbito cognitivo: están no período de operacións concretas (Piaget), diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.

- Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal e a tomar conciencia do seu corpo e do ton muscular. Teñen certa

torpeza motora, debido a un rápido crecemento óseo, pode producirse un desaxuste entre a altura e a Forza muscular.

- Ámbito afectivo-social: comeza a etapa xenital do desenvolvemento psicosexual. O grupo de iguais comeza a desempeñar un papel moi importante

*CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP de Arzúa é un centro rural situado na vila de Arzúa. Conta con 15 unidades (6 en E.I e 9 en E.P) e con xornada escolar mixta (luns e martes de 09:50horas a 17:00 horas, mércores, xoves e venres de 09:50horas a 14:30 horas)

O nivel socioeconómico e cultural da zona é medio, a maioría das familias adócanse ao sector primario e ao sector servizos.

O alumnado para o que se elabora a programación atópase no 5º nivel de E.P, con idades comprendidas entre os 9 e os 10 anos. Trátase dun grupo formado por 22 alumnos/as con distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Este é o motivo polo que deseñamos unha programación aberta e flexible para que se adapte a cada un/a deles ou delas e á súa situación.

O Centro conta cun ximnasio pequeno con columnas, con pouca ventilación, moita humidade e que carece de calefacción. Ten unha pista polideportiva semicuberta, unha pista polideportiva, un patio pequeno exterior con

columnas e zona verde no exterior

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	3,2,1...xa!	Presentación, normas, actividades cooperativas. Aviación Inicial.	6	4	X		
2	O meu mellor amigo	Hábitos saudables, alimentación e hixiene postural. Esquema corporal. Prevención de lesións e Primeiros auxilios.	15	9	X	X	X
3	Vai polo aire	Habilidades Motrices Básicas (Lanzamentos e recepcións)	6	5	X		
4	Resistencia	Capacidades Físicas básicas (Resistencia)	6	5	X		
5	Deportes I	Bádminton	8	6	X		
6	Comba e Parkour	Habilidades Motrices Básicas (Saltos e desprazamentos)	6	5	X		
7	Velocidade	Capacidades Físicas Básicas (Velocidade)	6	4		X	
8	Exprésate!	Expresión Corporal	6	4		X	
9	Deportes II	Baloncesto	8	5		X	
10	Coreografías	Seguimento e elaboración de coreografías.	6	4			X
- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.

- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.

- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.

- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.

- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases que fai).
- SOCIOGRAMA. permitiranos coñecer as relacións sociais que existen dentro dos membros do grupo.

CANDO SE AVALÍA

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

Rúbricas: 30%

Escalas de observación e rexistro anecdótico (comportamento, participación e actitudes): 30%

Escalas de valoración: 15%

Lista de control: 15%

Probas orais e/ou escritas: 10%

A proba escrita realizarase a través dun cuestionario, o cal será a través de preguntas tipo test, múltiple elección ou resposta corta. A proba oral será a través de exposición oral u/ou traballo escrito, valorada, a través dunha escala de observación.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestre teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD seguindo a seguinte fórmula:

Curso 2023/2024:

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD seguindo a seguinte fórmula:

1º TRIMESTRE : Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 6)/6= 10

2º TRIMESTRE : Nota do 2º trimestre (suma das UD 7,8,9 e 11)/4= 10

3º TRIMESTRE : Nota do 3º trimestre (suma das UD 10,12,13,14 e 15)/5= 10

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

Tendo en conta que a avaliación é continua e formativa, a nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da terceira avaliación.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. As programacións deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais, polo tanto esixe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que nos permitan aos docentes adaptarnos á diversidade do grupo.

Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son

adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programación ás súas necesidades e posibilidades.

Pódense contemplar distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial.
- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia.

SITUACIÓN ACTUAL DO GRUPO - AULA DE 1º NIVEL DO 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.5ªA

Esta programación está deseñada e orientada para dar solución a un grupo de alumnos e alumnas, que de maneira directa ou indirecta, é un grupo con diferenzas entre si.

Coa sutil intención de dar maiores facilidades ao alumnado, axustarase a axuda pedagóxica ás súas necesidades. Tentarei que entre algunhas desas facilidades, predominen a facilitación de recursos e estratexias diversas, os cales e as cales serán necesarios para dotar ao alumnado dunha mellor resposta ante a gran cantidade de motivacións, intereses, carencias e capacidades que presentan os alumnos nesta franxa de idade.

Tal como se recolle no artigo 20 do Decreto 155/2022 polo que se establece o currículo de Educación Primaria, na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. O Departamento aportaranos axuda pedagóxica para dar esa resposta eficaz e acorde ás necesidades do alumnado, mediante a intervención directa ou o asesoramento e os recursos e materiais necesarios.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Durante o transcurso do ano académico, poden xurdir patoloxías temporais como (escordadura, fractura, cambra, distensión muscular ou articular, feridas, etc.) que impiden a realización de actividade física durante algunhas sesións. Durante este tempo o alumnado que as padeza realizará algunhas das seguintes tarefas de maneira escrita ou no portátil do centro:

- Recompilar información en internet, sobre a U.D. que se leva a cabo nese momento.
- Completar modelos de sesión coas actividades realizadas polos compañeiros/ás.
- Colaborar nos aspectos organizativos da sesión. Por exemplo: marcando ritmos, controlando tempos, levando conta dos tanteos.

Diversidade e concreción dos casos: En todos os casos o alumno terá que permanecer na instalación deportiva co

calzado e material deportivo adecuado, salvo casos moi concretos, os cales estean xustificados.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X						
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X						
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial		X						
ET.6 - Educación Ambiental		X	X			X		
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión Lectora		X	X		X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita		X	X		X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial						X
ET.6 - Educación Ambiental					X	X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns. De ahí a necesidade da presenza dos temas transversais no currículo. Son contidos basicamente actitudinais, que inflúen no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos/as. Baseándonos na lei educativa actual de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados a continuación: -A comprensión lectora, a expresión oral e escrita. -Calidade, equidade e inclusión educativa. Especial énfase no alumnado con diferentes ritmos de aprendizaxe. -Promóvese o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e o principio de igualdade de trato e non-discriminación por condición ou circunstancia persoal ou social. - Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Integraremos o respecto polos valores máis importantes da nosa sociedade. -Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual. -Desenvolvemento do espírito emprendedor e iniciativa empresarial. -Desenvolvemento sostible e medio ambiente. Propóranse actividades que axuden a coñecer, gozar, respectar e coidar o contorno. -Educación vial. Promóvense accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías. -Educación para a saúde. -Desenvolvemento da creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Magosto	Saída ao entorno natural do centro, onde coa escusa de celebrar a conmemoración do magosto realizaremos unha xornada multideporte.	X		
Día da Paz	Realizarase unha xornada de xogos cooperativos.		X	
Obradoiro Xogos Tradicionais	Xornada de presentación e goce de diversos xogos tradicionais como: Rá, Chave, Aro, Trompo, Mariola, Carreira de sacos...	X		X
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizarase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha pequena ruta de sendeirismo.			X
Plan Proxecta: Nutriescolas	Participación no Plan Proxecta a través do programa Nutriescolas para que o alumnado adquira e consolide hábitos alimentarios adecuados.	X	X	X
Piscina Municipal	Asistencia a 11 sesións de natación na piscina municipal.	X	X	
Saída á neve	Programarase unha posible saída á neve para iniciar ao alumnado nun novo deporte e que ao mesmo tempo valore o medio natural como contexto de práctica motriz.		X	

Observacións:

As actividades complementarias son aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

Realizaranse actividades complementarias dentro do horario lectivo como obradoiros, talleres... organizadas polas dúas Anpas do Centro así como polos distintos organismos (Concello, Consellerías...).

Asistiremos a 11 sesións de natación na piscina municipal dentro do horario adaptado de Educación Física.

Participación no programa Nutriescolas do Plan Proxecta.

Programaranse posibles saídas relacionadas coa área de Educación Física (rutas de senderismo, excursión á neve) tendo en conta o principio de flexibilidade da programación así como o carácter aberto da mesma á modificación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...

Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptada ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguiuase motivalo, despertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinariedade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Outros
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente, e a avaliación do proceso de ensino/aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modifícala en función dos feed-back recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno, avaliación do docente e avaliación do ensino/aprendizaxe.

A avaliación desta programación levarase a cabo a través de diversos procedementos, como son por exemplo, a comprobación da adecuación da mesma ás características psicoevolutivas do alumnado mediante probas orais, onde se observará o tanto por cento do alumnado que acada amplamente os obxectivos marcados, o que os acada lixeiramente e o que non os acada, de maneira que se fagan as modificacións oportunas para adecualos ás súas características e necesidades.

Así mesmo avaliarase a metodoloxía empregada observando no desenvolvemento das actividades propostas a implicación por parte do alumnado de xeito que se modifiquen no que sexa preciso para facelas máis dinámicas e

motivadoras, acercándoas ás características da nosa sociedade.

Ademais teranse en consideración os seguintes aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.

Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.

Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.

O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.

Adecuación da secuencia de traballo na aula.

Adecuación dos materiais didácticos utilizados.

Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.

Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.

Adecuación dos programas de apoio, recuperación...

Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.

Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.

Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.

Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15000612	CEIP de Arzúa	Arzúa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	5º Pri.	1	35

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) para 5º curso de Educación Primaria, está enmarcada no "Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia", e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar os plantexamentos expostos no mesmo á realidade deste centro.

Deste xeito, esta programación fai referencia á Introducción do Decreto, na área e materia de Música e Danza, a cal organízase en dous eixes, con idéntica dobre subcategoría para os mesmos, como se cita:

Educación musical:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Educación en artes escénicas e performativas:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Neste último nivel de concreción curricular teremos en conta a diversidade do alumnado no centro, tamén no seu ámbito cultural. Xa que a área de Música e Danza desenvólvese a través dunha dobre dimensión: reflexiva e creativa, o alumnado debe ser partícipe da comprensión da cultura na que vive para poder dialogar con ela, elaborar criterios útiles de entendemento e gozo, e desenvolver progresivamente o sentido crítico. Traballárase nas diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, centrándose nas que resulten familiares e cercanas tanto para o alumnado como para o profesorado.

Por outra banda, a área de Música e Danza favorece a experimentación, a expresión e a produción artística de forma progresiva ao longo dos tres ciclos nos que se organiza a educación primaria, polo que cada unha das 3 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD contempla estas premisas para contribuir á consecución dos obxectivos de etapa.

Ademais da transversalidade que caracteriza a este área para todas e cada unha das mesmas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra área de ámbito artístico: Educación Plástica e Visual.

Cada unha das UD está pensada para desencadear mecanismos no alumnado, que permitan desenvolver distintas capacidades que inflúan directamente na súa formación integral, tanto de xeito individual coma grupal, para que poida adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. Dotaráselles dunhas técnicas axeitadas para saiban expresarse mediante a música e o corpo, como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que cada trimestre conteña 1 UD ou proxecto de traballo, incluíndo un total de 3 ó longo de todo o curso.

Nesta PD, debido a estar no último ciclo da Educación Primaria, este área debe servir para asentir as bases para o desenvolvemento nas mellores condicións das competencias artísticas, a través da materia de Música, na educación secundaria obrigatoria.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Música popular e danzas	Nesta unidade/proxecto de investigación imos ler sobre a música popular de Galicia e outras partes do mundo, instrumentos tradicionais e a importancia da música popular para unha comunidade. Investigaremos sobre cantantes, grupos, cancións máis coñecidas, e como evolucionou a música popular de Galicia a día de hoxe. Doutra banda, traballaremos a linguaxe musical e o canto, interpretando algunha canción popular que guste ao alumnado dentro do repertorio traballado na aula.	20	14	X		
2	Xéneros musicais e instrumentos	Neste proxecto, repasaremos as distintas agrupacións musicais e tamén como se conforma unha orquestra, os instrumentos e as súas familias, etc. para logo investigar	35	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Xéneros musicais e instrumentos	sobre a evolución da música e diferentes grupos musicais, desde o Blues e o rock ata a música electrónica. Seguiremos tamén avanzando coa linguaxe musical, compoñendo pequenos ritmos e melodías experimentando con diferentes estilos.	35	11		X	
3	Os recursos audiovisuais na música	Exploraremos a música moderna e os recursos que se empregan actualmente na música. Tamén os montaxes e a escenografía nas performances musicais.	45	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Música popular e danzas	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa: redonda, branca, negra, clave sol, comp. 2/4, 3/4 e 4/4.	PE	10
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre os diferentes subxéneros da música tradicional galega e elabora un listado con estes, engadindo algunha característica básica de cada un.	TI	90
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Utiliza os recursos da aula e dixitais para a investigación e elaboración do podcast.		
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa grupalmente na grabación dun podcast sobre a música popular, traballando de forma cooperativa na elaboración dun guión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa con creatividade as seas ideas e utiliza recursos variados para presentar o seu traballo		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Analiza e reproduce ritmos sinxelos e estrofas das cancións traballadas na unidade.		
CA2.4 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Coopera co grupo para planificar e deseñar unha produción artística musical.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa en grupo nun conto musical creado ao que este lle engade a creación de efectos con diferentes instrumentos e a dramatización deste, para ser interpretado.		
CA2.6 - Compartir os proxectos creativos musicais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte por medios dixitais unha lista de cancións creada en Spotify		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece a música popular tradicional de Galiza e doutros países ou comunidades.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea unha coreografía sinxela para acompañar unha muiñeira.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas escénicas e performativas colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planificar a organización e posta en escena do podcast: representantes, nome de grupo, estética.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo da produción cultural correspondente a esta unidade.		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos escénicos e performativos empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir o proxecto de curso na Web do centro, escollendo unha imaxe ou logo que represente o seu grupo.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión. - A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Aproximación aos principais xéneros musicais. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. - Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición,

Contidos

- coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
2	Xéneros musicais e instrumentos	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e describe matices (ff, f, p, pp), tempo (lento, andante, allegro; Acell., Rit.), negra con puntillo e silencios.	PE	5
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Distingue os principais xéneros musicais e recoñece a súa importancia na evolución da música, así como os diferentes estilos de voces e agrupacións.	TI	95
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Utiliza os recursos da aula e dixitais para a investigación e elaboración do podcast.		
CA1.5 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara a intención ou a orixe de diferentes xéneros musicais e agrupacións artísticas		
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa grupalmente na grabación dun podcast sobre a música popular, traballando de forma cooperativa na elaboración dun guión.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa con creatividade as seas ideas e utiliza recursos variados para presentar o sea traballo		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4, 3 de 3/4 e 2 de 4/4: redonda, branca, negra (cos seus puntiños e silencio).		
CA2.4 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Coopera co grupo para planificar e deseñar unha produción artística musical.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa en grupo nunha representación artística sobre o 8 de Marzo para grabar un videoclip		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Reconoce a estrutura dun blues e a estrutura básica dunha canción estrofa-estribillo-estrofa'		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico destas.	Describe manifestacións culturais e artísticas valorando a diversidade.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara os elementos característicos de diferentes manifestacións culturais e artísticas en relación á posta en escena e performance de diferentes agrupacións musicais.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa grupalmente nun baile pop		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música

Contidos

